

Fábricas de curtidos en Pontevedra

Lino J. Pazos


Descoñezo cando se fundou o primeiro curtidoiro en Pontevedra, pero o que si está perfectamente documentado é a chegada á cidade de dous empresarios vascos, naturais de Santa María de Gileta, bispado de Bayona na provincia de Vizcaya¹, que acaban formando unha sociedade mercantil co fin de mercar e curtir todo tipo de peles.

A asociación formal nacería no mes de maio de 1814 cando Pedro Garra² que xa estaba instalado en Pontevedra desde había un tempo, e Bernardo Echavarría³ “*forman Compañía para continuar con la elaboración de curtidos de toda clase de pieles que el Pedro Garra tenía establecido en una fábrica que está sita fuera de las murallas de esta villa (de Pontevedra), cerca del puente⁴ de ella...*”.

Pouco duraría esta sociedade, xa que o 19 de febreiro de 1819⁵ decídese a súa disolución, acordando a repartición da pel curtida almacenada na fábrica, así como as que aínda non foran tratadas, baixo as condicións seguintes.

“*Primeramente declaran que la expresada casa de fábrica con todas*


1 AHPP, Protocolos, 1437, folio 42. Notario, Alberto Limeses.
 2 A páxina “Xenealoxia.org” dá este apelido como oriúndo de Ayherre, localidade da Aquitania francesa (Pireneos Atlánticos), con varios individuos que se asentaron en Galicia a finais do XVIII e principios do XIX establecéndose na zona do Ferrol e Santiago, dedicándose aos negocios relacionados co curtido de peles. Pedro Garra falecería sen descendencia, non así os seus parentes.
 3 Atopamos en 1872 a Viuda e Hijos de Echevarría (pode ser Echavarría), que habitaba na rúa da Ponte, número 23, de Pontevedra, como consignatarios da corbeta Méndez Núñez, que mandaba o capitán Leopoldo Veiga, que facía a carreira a Montevideo e Bos Aires, dende a Coruña, facendo escala en Marín.
 4 Do Burgo.
 5 Debían ser anos convulsos para a cidade cando neste ano exercen a función de alcalde nada menos que tres veciños; Joseph Suaco, Juan Domínguez de Rajoé e Antonio M^a Fernández (AHPP).



Plano do curtidoiro de Echavarría custodiado no Arquivo Municipal de Pontevedra (catálogo Entre dúas augas)

sus piezas y oficinas queda desde hoy por cuenta y a cargo del Bernardo Echavarría, sin que Pedro Garra, su socio, pueda usar más de ella, si no para el fin, y el tiempo que se expresará, pagando ínterin subsista en ella la parte que legítimamente le corresponda por razón del arriendo que se satisface a sus propietarios”, repartíndose o diñeiro que había na caixa e as débedas que quedasen por pagar, como os 14.809 reais de vellón e 26 maravedís, que debían a Beltrán Garra, do comercio de Santiago, “cuyo débito satisfarán entre los dos por mitad”.

O documento deixaba claro que Pedro Garra soamente podería tratar na fábrica as peles compradas con anterioridade á disolución da sociedade, polo que se adquiría novos xéneros poderíaos almacenar pero non curtir, mentres Echavarría quedaba como “*el único inquilino y dueño de la fábrica, y que como tal debe aprovecharse de todas las utilidades que se le proporcionen en ella, usará desde luego de los pilones y más piezas y oficinas que le acomoden para el curtido y más elaboraciones de toda clase de pieles que quiera comprar por su cuenta*”.



Detalle dunha das edificacións recreada do plano orixinal por Toñy Pedrosa



Detalle da foto aérea de Pontevedra, 1928 (catálogo Entre dúas augas)

Entre as cláusulas referenciadas na escritura figuraba a obriga de Echavarría de pagar a Garra⁶ “los cuatro mil reales de vellón que (este) puso en fondo en mayor cantidad de la de su socio Bernardo Echavarría”, cantidade que deberá abonar á vez que se recoñecerán e regularán os devanditos utensilios de graxa, cortiza e máis sobrantes, ben sexa agarrimosamente entre os dous ou por medio de persoas intelixentes ata que o asociado abandone as instalacións fabrís, entendendo que se han de pagar, “bien sea en dinero o en curtidos al precio que estos se vendan y despachen en aquel entonces”.

No “haber” da compañía disolta atopábanse infinidade de facturas sen cobrar, que chegaban a sumar máis de corenta mil reais, aínda que algunhas se consideraban de difícil cobro, cartos que unha vez recadados repartiríanse ao cincuenta por cento.

Entre as cantidades que lle debían, destacan os 8.075 reais que tería que pagar José Lourido, “vecino de la villa de Carballino, provincia y obispado de Orense, por curtidos que llevó al fiado”, ou os 6.988, 21 dos “señores D. Mariano y Lorenzo de Semprum, naturales de Castilla la Nueva por curtidos que llevaron para entregar a su

principal D. Fausto Martín Pérez, natural de Valladolid, a quienes afianzó D. José Morales, vecino y del comercio de esta villa de Pontevedra”.

Os clientes “deudores” estaban repartidos por boa parte da provincia de Pontevedra, e como vimos, tamén os había “foráneos”; así, no primeiro asento figuraba Ramón Rodríguez, veciño de San Pedro de Campañó, “que llevó al fiado quinientos veintitrés reales”; Josefa Galán, viuda, de Santa María de Mourente, lugar da Eiriña, que debe por curtidos catrocentos noventa e tres reais con dezasete maravedís; José Caravelos, de San Andrés de Lourizán; Manuel de Queiro, de Soutelo de Montes...

Santiago Cádiz, que levaba por fiador ao seu irmá Manuel, veciño do lugar da Reigosa (Ponte Caldelas), tiña pendente de pago novecentos vintecatro reais, e José González, o carceiro de Pontevedra, que debía trinta e catro reais...

O Rial; San Salvador de Lérez; Loureiro, Cotobade; Santiago de Biascón; San Jorge de Sacos; San Pedro de Gaxate; Santa María de Aguasantas; San Pedro de Tenorio; Soutomaioir (onde tiñan varios clientes); Santa María de Argalo; Vilaboa; Santa María de Bora; Santo Tomé de Piñeiro; Beluso; Santa María de Cela; Combarro; Marín;

Santa Cristina, Noia, eran algúns doutros puntos onde os empresarios tiñan “invertidos” os seus cartos.

En total eran 74 apuntes contables que os propietarios (Garra e Echavarría) consideran que “les ocasionan crecidos perjuicios y atrasos en el giro de su fábrica, por lo que nombran a D. José Vázquez, procurador en la ciudad de la Coruña para que solicite y obtenga del Real tribunal de este Reino la correspondiente Real provisión de ejecución contra los mencionados deudores en la forma acostumbrada... a evitar gastos y perjuicios, tanto a los otorgantes como a los mismos deudores”.

O tempo pasa e volvemos atopar a Bernardo Echavarría inmerso no problema que supuña cobrar o produto vendido; así, no mes de abril do 29, xunto con Juan Fernández e Compañía, tamén fabricantes de curtidos (ou socio nese momento), nomea a Manuel Bárcena como o seu representante para que realice as xestións oportunas co fin de cobrar os máis de 8.900 reais que lles debe o empresario de Vigo, Pedro Ricote, “que por diferentes veces han solicitado su satisfacción y pago”, sen conseguilo.

En pleno mes de agosto de 1826, Echavarría vese envolto nun pleito que lle presenta D^a María Josefa Portela, “mujer de D. Ignacio Balea sobre la casa

⁶ Pedro Garra instalaría máis tarde outra fábrica de curtidos nas inmediacións da de Echavarría.



Instalacións (agora desaparecidas) dun curtidoiro en Ponte Bolera, Pontevedra, reconvertido en Talleres Pastoriza (Chimeneas Industriales, Pontevedra...páx. 12)

fábrica de curtidos”, polo que se ve na necesidade de nomear como procurador a Domingo del Rial, e a Melchor González, axente de negocios, para que tenten liquidar o caso; puidese ser que o matrimonio litigante fora o propietario do solar onde se levantaba a industria.

A situación da fábrica, que contaba cun matadoiro de porcos, muiño, depósito de cortiza, e numerosos pilos onde tratar as peles, na marxe esquerda do río Lérez, practicamente ao pé da súa corrente e a poucos metros da entrada á cidade pola ponte do Burgo, “cerca de la puerta llamada del Borrón, extramuros de... (la) villa, lindante por el norte con el río Lérez, vendaval con casa de doña Rosa Pla, muralla en medio, y por el levante con un engido de D. Pascual Martínez”, permitíalle

unha boa comunicación cos provedores das materias primas utilizadas no curtido e a saída dos seus manufacturados.

○ edificio fabril, de baixo e planta, construído en cachotería, de planta rectangular, duns 60 metros de fachada á praza de Valentín García, instálase nas beiras do Lérez, condición indispensable neste tipo de industrias necesitadas dun bo caudal de auga para completar os seus procesos fabrís, que se verían complementados pola existencia na comarca de bos

carballos (madeira e tanino) e gando, que lle fornecería nun primeiro momento das peles necesarias, ademais das que chegarían polo mar provenientes das Américas, aos portos de Vigo ou Carril⁷.

Nos anos vinte, o empresario Juan Alberto Fernández instalaría outra fábrica de curtidos en Ponte Bolera, que o 13 de novembro do 27 pasaría a asociarse con Martín Valladares, ambos de Pontevedra, e Martín Iturvide, veciño de Santa María de Mourente, pasando a denominarse *Fernández, Iturvide e Compañía*. A

7 Temos constancia da chegada a portos españoles de barcos cargados de “cueros al pelo” procedentes das Américas... como os 50 que conduciu a Vigo o bergantín Nuestra Señora del Carmen, alias o Deseado, xunto con 50.125 libras de quina, en xullo de 1806, ou os 2.239 que desembarcaría a fragata Unión no porto de Barcelona en xaneiro do 39 (Véleros en el tráfico marítimo con Cuba 1800-1900).

sociedade tería, segundo di a escritura fundacional, dez anos de duración, “por lo que fenecerá el 13 de noviembre de 1837”.

Para a súa formación, Juan Alberto Fernández aportou 91.000 reais: “treinta y dos mil quinientos, valor del edificio fábrica y el resto al completo... importe de los enseres de ella”; Valladares poría sobre a mesa 45.500 en moeda, “y el Iturvide solamente entró y entra con su industria, manos y el manejo de la parte económica”.

○ seguinte punto aclara que “Fernández, por razón de utilidades debe levantar las dos terceras partes y Valladares una tercera parte después de deducida del producto total la parte que pertenezca a Iturvide”.

○ documento determina que Iturvide “es el maestro que corre y debe correr con la parte económica de la fábrica, en cuyo edificio debe de morar y residir sin pagar alquiler alguno, y el que debe darla impulso, ha de alzar por su parte, la cuarta de las utilidades, o sea, el veinticinco por ciento”; ademais, a Iturvide daránselle todas as semanas “70 reales a cuenta” dos seus beneficios, “que cobrará aunque la fábrica tenga pérdidas”.

A industria do curtido no noso municipio continuaría cos seus altos e baixos ata o século XX, no que se mantiveron activos “tres empresarios curtidores: José Benito Etchevarría Broussaint (que) fabricaba coiros na coñecida como fábrica do Borrón, empoleirada á beira da Ponte do Burgo; a fábrica do Gorgullón ergueita a comezos dos anos corenta por José Regojo Rodríguez; e Ángel Linares curtía peles na súa fábrica sita no lugar da Eiriña, cuxa actividade non alcanzou os anos vinte⁸”.

8 Claudio Otero Eiriz. “A industria dos curtumes en Galicia: unha visión sistemática sobre a súa implantación no territorio no século XX”. Madrygal 21. Revista de Estudios Gallegos, 2018.